

CONTRATO DE SERVICIOS PARA A IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS 2022/23, EXPEDIENTE TR332A 2022/17.

TRAMITACIÓN URXENTE. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 46.482,00 €, IVE EXENTO

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN: 46.482,00 €, IVE EXENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO

A Mancomunidade do Salnés vén desenvolvendo ano tras ano, o Programa Integrado de Emprego, para os concellos da comarca do Salnés: A Illa de Arousa, Cambados, Meis, Meaño, O Grove, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa. Dito programa, contribúe de unha maneira constatable na diminución da taxa de desemprego do ámbito territorial do Salnés.

Dado que, coa nosa intermediación e coa colaboración do tecido empresarial, son moitos os usuarios que atoparon traballo, consolidándose moitos postos de traballo cunha alta taxa de estabilidade.

Dado o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades, esixen un elevado custo, tanto de instalación, de adquisición coma de funcionamento e xestión; polo que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar un servizo, neste caso, a impartición das actividades formativas para a inserción laboral dos candidatos do Programa Integrado de Emprego que, na actualidade, se considera imprescindible. Debido a isto, vense solicitando nos últimos anos unha subvención para tal fin.

Publicada a Resolución do 4 de maio de 2022, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para a posta en práctica de Programas Integrados de Emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2022; procédese á súa solicitude.

Concedida a esta Mancomunidade pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención de 250.000,00 €, cun cofinanciamento de 40.697,68 €, e cun custo total do proxecto de 290.697,68 €, para a posta en práctica de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante os anos 2022 e 2023. Estas actuacións e medidas favorecen a inserción laboral das persoas desempregadas da comarca, a través das actividades formativas que mellora o perfil profesional dos candidatos, fainos mais competitivos, e contribúe a súa inserción profesional tras unha reorientación do perfil ocupacional.

Considerando que se trata dun servizo que se financia anualmente mediante subvención, concedida por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e, dado que a contratación queda condicionada á efectiva concesión, faise precisa por tanto a súa contratación a través dunha empresa externa.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo, consistente na impartición de accións formativas, promovendo a inserción laboral dos desempregados da comarca e, incentivando a profesionalización do noso tecido produtivo, a través da

especialización, da formación e da capacitación dos candidatos para os postos ofertados.

Visto o informe de insuficiencia de medios.

Entendendo necesaria e xustificada a contratación a realizar, propónse ao Órgano de Contratación a tramitación do contrato de servizos.

En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,

Marta Giráldez Barral